



AXUDAS PARA ACCIÓNS FORMATIVAS FINANCIADAS POLO FEMPA QUE CONTRIBÚAN AO DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN PROFESIONAL, DAS NOVAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS E DA FORMACIÓN PERMANENTE DO SECTOR PESQUEIRO (PE610A)



Consellería do Mar

DESTINATARIOS DAS AXUDAS

- Confrarías de pescadores e as súas Federacións
- Organizacións de produtores
- Cooperativas do mar
- Asociacións profesionais de reparación de redes e as súas Federacións
- Asociacións do sector





CRÉDITO ORZAMENTARIO 2024-25

CRÉDITO TOTAL: 1.400.000,00€

- ANUALIDADE 2024: 700.000€
- ANUALIDADE 2025: 700.000€

AXUDA

100% dos gastos subvencionables



PROXECTOS FORMATIVOS SUBVENCIONABLES

Formación específica dirixida ao sector pesqueiro

- Patrón costeiro polivalente
- Patrón local de pesca
- Formación básica en seguridade marítima e actualización
- Embarcación de supervivencia e botes de rescate non rápidos e actualización
- Avanzado en loita contra incendios e actualización
- Operador restrinxido e xeral SMSSM e actualizacións
- Patrón portuario
- Mariñeiros de ponte e máquinas
- Radar de punteo automático-ARPA
- Formación sanitaria específica inicial e actualización
- Formación sanitaria específica avanzada e actualización
- **Mariñeiro pescador**



PROXECTOS FORMATIVOS SUBVENCIONABLES

Formación continua

- Competencias dixitais
- Innovación, xestión empresarial, emprendemento, comercialización e seguridade alimentaria
- Xestión sostible dos recursos e ecosistemas mariños e á economía azul
- Seguridade e hixiene no traballo, prevención riscos laborais, enfermidades profesionais e trastornos músculo esqueléticos
- Xestión da produción, reprodución e xenética, nutrición, patoloxía e xestión sanitaria, lexislación e xestión ambiental
- Igualdade de oportunidades, promover o papel da muller no sector da pesca
- Transferencia tecnolóxica
- Seminarios, xornadas ou obradoiros en materia e pesca e marisqueo
- Reparación e mantemento de redes e aparellos de pesca

GASTOS MÁXIMOS SUBVENCIONABLES

- Para a formación específica dirixida ao sector pesqueiro hai unha cantidade máxima segundo a tipoloxía do curso
- Para a formación continua: 25€ por alumno/a e hora, agás os cursos de competencias dixitais que terán un importe máximo de 30€ por alumno/a e hora
- Acción subvencionable: mínimo de 10 alumnos/as por curso



GASTOS SUBVENCIONABLES

- Gastos de persoal
- Contratación de servizos. Material e equipamentos homologados segundo a tipoloxía dos cursos
- Material didáctico. Equipamentos de seguridade alumnado. Seguro de accidentes alumnado
- Probas de natación para o curso de mariñeiro pescador
- **Gastos indirectos: 7% dos gastos directos**



GASTOS SUBVENCIONABLES

- Os proxectos formativos non poderán estar iniciados antes da solicitude para poder ser subvencionables.
- Gastos do ano 2024: dende a data de solicitude ata o 15 de novembro de 2024. E para a súa xustificación antes do 30 de novembro de 2024 (último día 29 novembro de 2024)
- Gastos do ano 2025: do 1 de xaneiro ao 15 de outubro de 2025. E para a súa xustificación antes do 15 de novembro de 2025 (último día 14 de novembro de 2025)



GASTOS NON SUBVENCIONABLES

O imposto de valor engadido (IVE) non será subvencionable, agás:

- **1º.** Para as operacións cuxo custo total sexa inferior a 5 millóns de euros (IVE incluído)
- **2º.** Para as operacións cuxo custo total sexa de, polo menos, 5 millóns de euros (IVE incluído) cando este non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre o IVE



PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES


Anexo I: Solicitud (PE610A)

Anexo II: Orzamento do proxecto detallado por anualidade, gastos directos e indirectos

Anexo III: **Só no caso de proxectos conxuntos**

Modelo A: Memoria do proxecto formativo

Modelo B: Documento de valoración do proxecto formativo



ANEXO II: Orzamento detallado por anualidade

Total orzamento:


1ª Anualidade

Gastos indirectos 1ª anualidade

2ª Anualidade

Gastos indirectos 2ª anualidade

Os gastos indirectos calcularanse aplicando unha porcentaxe fixa do 7 % sobre o gasto directo total subvencionable





SÓ NO CASO DE SOLICITUDES CONXUNTAS:

- **Anexo III: declaración responsable das fontes de financiamento** previstas para cada acción e de non estar incursoa en prohibicións para contratar (unha declaración responsable por cada entidade membro)
- **Acordo de nomeamento** de/a representante ou apoderado/a asinado polos/as representantes de todas as entidades
- **Distribución de compromisos** de cada solicitante e importe solicitado por cada un





OUTRA DOCUMENTACIÓN:

Só se son persoas físicas ou xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro, no caso de subvencións de importe superior a 30.000 € e suxeitas á Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Persoas físicas e xurídicas:

- Conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación subscrita pola persoa con poder suficiente

Persoas xurídicas que non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada:

- Certificación emitida por un auditor rexistrado
- "Informe de procedementos acordados" emitido por un auditor rexistrado, se non poden emitir a certificación anterior





MODELO A: Proxecto Formativo

- **Presentación e descrición do proxecto formativo:** antecedentes, necesidades, obxectivos xerais e específicos, resultados esperados, descrición das actividades, destinatarios, datas e medios a empregar, cronograma, programa de seguimento, actividades de comunicación
- **Indicador de resultados:** Asistentes ás actividades de formación (Número de beneficiarios/as)
- **Memoria financeira:** orzamento, actividades a subcontratar, fontes de financiamento



MODELO B: Documento de Valoración

- ◆ Indicar razoadamente o cumprimento dos criterios de selección horizontais e específicos do artigo 23
- ◆ De non indicarse nada, enténdese que non se cumpren. E non se terán en conta para a valoración pola comisión





VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS

Para a valoración das solicitudes utilizaranse 4 categorías de criterios de selección:





VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS

CRITERIOS XERAIS (30%) → MÁX. 10 PUNTOS

1.1 Adecuación a:

- Estratexia (0-2 puntos)
- DAFO (0-2 puntos)
- Tipo de Actividade (0-2 puntos)

1.2 Contribución aos indicadores de resultado (0-2 puntos)

1.3 Contribución a Plans e Programas (0-2 puntos)



Os proxectos formativos que non acaden unha puntuación mínima de 5 puntos serán considerados non aptos e quedarán excluídos para obter financiamento, polo que non procederá a súa valoración específica



VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS

**NO CASO DE QUE EXISTA CRÉDITO SUFICIENTE PARA
ATENDER TODAS AS SOLICITUDES, NON SERÁ PRECISO
REALIZAR A VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN
HORIZONTAIS E ESPECÍFICOS**



VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS

CRITERIOS HORIZONTAIS (AMBIENTAIS E SOCIAIS) (20%) → MÁX. 4 PUNTOS

2.1 ASPECTOS AMBIENTAIS (0-2 puntos):

- Relación coa redución de capturas accidentais e coa mellora da selectividade no sector pesqueiro (1 punto)
- Transferencia de coñecemento, divulgación e transmisión de resultados e datos relacionados co medio ambiente (1 punto)
- Creación de novas actividades alternativas ás existentes que reduza a presión da actividade humana sobre o ecosistema mariño (1 punto)

◆ *Se contribúe a un criterio → 1 punto*

◆ *Se contribúe a máis dun criterio → 2 puntos*

2.2 ASPECTOS SOCIAIS (0-2 puntos)

- Accións formativas dirixidas a colectivos máis vulnerables (1 punto)
- Afección do proxecto á pesca costeira artesanal (1 punto)
- Actuacións/medidas en materia de igualdade (1 punto)
- Relevancia na dinamización da zona de influencia (1 punto)

◆ *Se contribúe a un criterio → 1 punto*

◆ *Se contribúe a máis dun criterio → 2 puntos*



VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS

CRITERIOS ESPECÍFICOS (VIABILIDADE TÉCNICA) (20%) → MÁX. 4 PUNTOS

3.1 Coherencia, calidade e nivel de detalle da memoria do proxecto (modelo A)
(2 puntos)

3.2 Relevancia e necesidade do proxecto. Adecuación das actividades formativas ás necesidades do mercado laboral (1 punto)

3.3 Traxectoria da entidade. Valorarase o nivel de execución nos proxectos en que participou a entidade no procedemento PE610A nas 2 convocatorias anteriores (1 punto)



VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS

CRITERIOS ESPECÍFICOS (TIPO DE ACTIVIDADE) (30%) → MÁX. 4 PUNTOS

4.1 Fortalecemento da formación integradora que vaia máis alá das titulacións oficiais e da operatividade a bordo. Máis do 50 % das horas son prácticas (1 punto)

Non será de aplicación aos cursos de formación específica necesarios para a obtención de titulacións profesionais e certificados de profesionalidade.

4.2 Fortalecemento da remuda xeracional (1 punto)

Entenderase que contribúen a este criterio os cursos do artigo 6.1.b), os de formación básica en seguridade marítima e os dirixidos a obter o certificado de profesionalidade, así como calquera outro que sexa necesario para o acceso profesional ao sector.

4.3 Fortalecemento do uso de novas tecnoloxías para adaptar os medios formativos ás necesidades e tecnoloxías actuais (1 punto)

Entenderase que contribúen a este criterio os cursos do artigo 6.1.c).

4.4 Fortalecemento do acceso a titulacións de longa duración (1 punto)

Entenderase que contribúen a este criterio os cursos de patrón/oa costeiro/a polivalente e patrón/oa local de pesca.



CONSELLERÍA
DO MAR

XUNTA
DE GALICIA

Aprender es como remar contra corriente: en cuanto se deja, se retrocede
Edward Benjamín Britten

Para calquera dúbida pode enviar un correo electrónico a:
ensino.mar@xunta.gal

<https://mar.xunta.gal/gl/formacion/formacion-portos/orde-cursos-de-formacion-PE-610A-convocatoria-2024-2025>

MOITAS GRACIAS